



Expediente número: PLN/2020/9

## ACTA

**Sesión Ordinaria 9 2020 celebrada polo Pleno  
do Concello o día 30 de xullo de 2020.**

## ORDE DO DÍA

### PARTE RESOLUTIVA

1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión Ordinaria 8/2020 do 25/06/2020**
2. **Gratificacións IV/2020**

### PARTE DE CONTROL

3. **Dar Conta do Expediente de Modificación de Crédito MC 18/2020.GC 06/20 e MC 19/2020.TC 09/20**
4. **Dar Conta do Peche e Liquidación do Orzamento do Exercicio 2019**
5. **Actividades de control do pleno.**
  - 5 . 1 **Dar conta das Resolucións de Alcaldía.**
  - 5 . 2 **Mocións.**
  - 5 . 3 **Rogos e preguntas.**
6. **Renuncia de Leonardo Cabaleiro Couñago a súa acta como Concelleiro.**

---

**Concello de Redondela**

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





No Multiúsos da Xunqueira, local habilitado por Resolución da Alcaldía de data 27 de xullo de 2020 para a celebración da sesión do pleno, e sendo as vinte horas e trinta minutos coa presidencia da sra. alcaldesa, Digna Rosa Rivas Gómez, e a asistencia dos/as seguintes concelleiros/as:

**GRUPO MUNICIPAL POPULAR REDONDELA (PP)**

DONA MARÍA CARMEN BASTOS RODRÍGUEZ

DONA MARÍA CARMEN AMOEDO DASILVA

DONA NOEMÍ SALOMÓN SAAVEDRA

DON IVÁN CRESPO RODRÍGUEZ

DONA MARÍA JOSÉ BARCIELA BARROS

DON MIGUEL ÁNGEL ÁLVAREZ BALLESTEROS

DONA MARÍA SANDRA BASTOS MÍGUEZ

DONA ERMINDA QUELLE FERNÁNDEZ

DON DAVID MUIÑOS PORTELA

**GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA REDONDELA (PSdeG-PSOE)**

DONA DIGNA ROSA RIVAS GÓMEZ

DON LEONARDO CABALEIRO COUÑAGO

DONA MARÍA CASTRO ABAD

DON IGNACIO EDUARDO GONZÁLEZ LAGO

DONA MARTA ALONSO DOMÍNGUEZ

DON VICENTE LAMAS GUISANDE

DONA OLGA MARÍA GARCÍA BALLESTEROS

---

**Concello de Redondela**

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





## **GRUPO MUNICIPAL AGRUPACIÓN DE ELECTORES REDONDELA 2019 (AER)**

DONA SUSANA COUÑAGO ANDRÉS

DON ROBERTO VILLAR RODRÍGUEZ

DON DANIEL BOULLOSA MARTÍNEZ

## **GRUPO MUNICIPAL BLOQUE NACIONALISTA GALEGO REDONDELA (BNG)**

DON XOAN CARLOS GONZÁLEZ CAMPO

DONA YÉSICA GARCÍA CRUZ

Asiste o interventor do Concello, Angel Santamariña Rivera e actuando como secretaria, a secretaria accidental, Paloma Meno Rodríguez.

Unha vez verificado pola Secretaria o quórum e a válida constitución do órgano, a presidenta abre a sesión, da que estendo a presente acta.

### INCIDENCIAS:

- 1) Con carácter previo ao tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, a Corporación garda un minuto de silencio en lembranza das persoas falecidas polo CoViD-19 e das vítimas da violencia de xénero.
- 2) O concelleiro Muíños Portela deixa a sesión ás 21.24 horas.
- 3) Faise un receso ás 21:50 horas. Retomase o Pleno ás 22.10 horas.

---

**Concello de Redondela**

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





## **1. Aprobación, se procede, da acta da sesión Ordinaria 8/2020 do 25/06/2020.**

Dáse conta do borrador da acta da sesión Ordinaria número 8/2020 do 25/06/2020.

### VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido a votación o mencionado borrador, apróbase, por unanimidade dos concelleiros presentes sendo 21 votos a favor (09 do PP, 07 do PSdeG-PSOE, 03 de AER e 02 do BNG).

## **2) Gratificacións IV/2020**

### ANTECEDENTES:

Visto o ditame da Comisión Informativa permanente de Economía e Facenda do día 27 de xullo de 2020 que di:

“Asunto: aumento da contía global da gratificación extraordinaria IV-20 (3142/2020)

A día de hoxe, obsérvase que existen importes de gratificacións por servizos extraordinarios que estarán pendentes de aboar tras a nómina de xullo.

É por elo que é preciso proceder a realizar as pertinentes operacións orzamentarias que poidan amparar estas retribucións pendentes de aboar aos empregados municipais.

No caso dos funcionarios, como vai supor un aumento do importe global das gratificacións extraordinarias aprobadas no seu momento polo Pleno, é preciso que a autorización para aumentar dito importe sexa outorgada polo órgano competente que é o Pleno da Corporación.

Tendo en conta que a cantidade restante para acadar o límite do artigo 7.2.c) do Real Decreto 861/1986, de 25 de abril é de 48.351,19 € pode darse

---

**Concello de Redondela**

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





cobertura á solicitude de gratificacións realizada polos departamentos de Policía, Ensino, Estatística, Servizos Sociais, Vías e Obras, Medio Ambiente e Secretaría por importe de 7.403,70 €.

Incorpórase o informe de Intervención con referencia ASR-23.07.20.1 de 23 de xullo que consta de cinco páxinas.

En virtude do que antecede esta Presidencia, propón que a Comisión Informativa de Economía e Facenda eleve ó Concello Pleno a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Establecer o importe máximo de gratificacións en 58.650,41 €, cumprindo coas condicións establecidas no informe da Intervención antedito.”

#### INTERVENCIONS.-

A concelleira Castro Abad da lectura da proposta. Solicita a aprobación da proposta para que os funcionarios cobren as horas extras do mes de xullo.

O concelleiro González Campo di que se levou á correspondente comisión, solicitaron información onde se xustificara esas horas. Está xustificado polo equipo de goberno, os traballadores, teñen que cobrar. Vaise repetindo a falta de programación e coordinación nalgúns departamentos. O Concello de Redondela está falto de persoal, é un problema, esperan que se modifique e que se poida chegar a un consenso coas negociacións sindicais, para que se poida contratar.

A concelleiro Boullosa Martínez di que as horas dos traballadores están xustificadas.

A concelleira Amoedo Dasilva di que as horas están xustificadas, pero cren que hai unha falta de organización clara. Algunhas destas horas se fan pola policía local para os tribunais de patróns de socorristas. Neste listado de horas resalta que algún persoal do concello fai moitas horas, en 10 días, 50 horas extras. As mesmas persoas seguen facendo as horas extras. Chama a atención as horas extras que ten que facer a coordinadora de servizos sociais. O plan concellos permitía aumentar o número de persoal e o concello mantén o mesmo persoal, se sobrecarga ao persoal.

---

**Concello de Redondela**

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





A concelleira Castro Abad resposta á sra. Amoedo, que co plan concellos contratouse a dúas persoas máis en servizos sociais. As horas extras son voluntarias. Hai persoas que teñen máis interese que outras. A policía local cobrou por un tribunal, hai máis dun día de horas, constan de varias probas, foron policías porque estaban capacitados. Houbo unha circunstancia excepcional nova, a celebración da primeira feira despois do estado de alarma, que supuxo cambios, o goberno atendeu o reforzo da policía. A feira foi un éxito de organización polo traballo excepcional destes traballadores.

O concelleiro González Campo di que levan meses falando das horas extras, a voceira do PP podería ilustrar do que fixeron cando estaban no goberno noutros mandatos. Hai carencia de persoal no Concello de Redondela, hai que traballar para que haxa máis traballadores, van defender aos traballadores municipais como grupo, debe haber máis traballadores, debe haber publicidade e se alguén está interesado en facer as horas extras. Van apoiar.

O concelleiro Boullosa Martínez, di que pertence a unha asemblea que defende a xestión do servizo público, saben que hai outros partidos que prefiren privatizar ou concertar. Durante anos privatizáronse os eventos culturais no anterior goberno. A Constitución española recolle no artigo 31 que o gasto público realizará unha asignación equitativa dos recursos públicos, e a súa programación e execución responderán aos criterios de eficiencia e economía. O custe en cultura é moito menor que en anos anteriores, porque non hai privatización. Pregunta á sra. Amoedo sobre as horas extras do mes de xuño dos anos 2016, 17 e 18.

A concelleira Amoedo Dasilva reposta ao sr. Boullosa que eles gobernan, están gobernando co partido que privatizou servizos públicos en Redondela. Non municipalizaron nada. Levan un ano, tiveron tempo de facer algo, respecto á piscina, abastecemento e auga e xestión tributaria. Di que incumpren o seu acordo de goberno, só cuestionan o que se facía antes. Unha persoa do departamento de cultura, que estivo traballando no escenario de María Solinha, de 7 a 10 da noite, e logo enganchou desde as 12 ata as 3 da mañá, teñen unha persoa traballando toda a noite. Teñen un presuposto prorrogado do PP, quedou remanente de tesourería suficiente e positivo, 2.934.000 euros, é a primeira vez que o Concello non cumpre coa regra de gastos.

A concelleira Castro Abad resposta á sra. Amoedo que este ano se incumpre a regra de gasto porque no ano 2019 gastouse máis do que se debe, como foi na campaña do PP, gastou o que non debía. Este goberno si que ten feito para a xestión directa dos servizos municipais, existen expedientes para estudalo. As horas extras son voluntarias, actos extraordinarios, non habituais. Teñen moi claro o que queren.





## VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometido o asunto a votación segundo o detalle contido na proposta, apróbase por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes 09 do PP, 07 do PSdeG-PSOE, 03 de AER e 02 do BNG.

### **3. Dar Conta do Expediente de Modificación de Crédito MC 18/2020.GC 06/20 e MC 19/2020.TC 09/20**

Dáse conta do expediente de modificación de crédito MC 18/2020.GC06/20 mediante a xeración de crédito por importe de 32.912,00 euros, aprobada por Resolución de Alcaldía de data 02/07/2020

Dáse conta do expediente de modificación de crédito MC 19/2020.TC09/20 mediante a transferencia de crédito por importe de 60.469,23 euros, aprobada por Resolución de Alcaldía de data 24/07/2020

O Pleno do concello quedou informado dos expedientes administrativos de modificación de crédito, anteriormente relacionados.

### **4. Dar Conta do Peche e Liquidación do Orzamento do Exercicio 2019.**

Dáse conta do informe do interventor municipal con referencia ASR-23.07.20.5 de data 23 de xullo 2020, en relación coa liquidación do orzamento municipal correspondente ao exercicio 2019, así como a resolución da alcaldía núm. 2020-1684 de data 24 de xullo de 2020, segundo resumo que se recolle na mesma.

O Pleno do concello quedou informado.

---

**Concello de Redondela**

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





## 5. Actividades de Control do Pleno.

### 5 . 1 Dar conta das Resolucións de Alcaldía.

O Pleno queda informado das resolucións de Alcaldía.

### 5 . 2 Mocións.

O concelleiro González Campo pide a palabra á alcaldesa, dicindo que había unha solicitude de moción de urxencia presentada hoxe polo grupo político municipal do BNG, trasladada polos veciños sobre a problemática da actividade de AUCOSA, con o acordo dos veciños, van retirar a moción.

#### 5.2.1 Moción de AER relativa ao Aforro Municipal polo Coronavirus

##### ANTECEDENTES:

Moción de AER, relativa a Asignación dos GPM como Aforro contra o Coronavirus con entrada no Concello o día 03.07.2020 con número 2020-E-RPLN-11 que se transcribe a continuación:

“O cese temporal de actividades acordado polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 esta xa a provocar unha crise económica, sen precedentes.

Dende o Concello será necesario levar a cabo medidas en diferentes ámbitos, especialmente no ámbito social e económico, a fin de minimizar os efectos

---

**Concello de Redondela**

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894







derivados das medidas adoptadas dende o goberno autonómico e central, como a suspensión da actividade de diversos sectores produtivos.

Pero calquera medida que se adopte implicará un aumento do gasto no Concello nuns casos e/ou un descenso de ingresos noutros ámbitos.

Partindo de que os recursos municipais non son ilimitados, vemos necesario buscar medidas de aforro para poder levar a cabo as diferentes medidas propostas e/ou demandadas polos diferentes actores sociais e produtivos.

Ante a actuación seguida por diversos políticos/as a nivel estatal, autonómico e local dos distintos partidos políticos que teñen representación neste Concello de contribuír economicamente para axudar na loita contra o covid-19, é polo que dende a Agrupación Electores de Redondela queremos propoñer aos grupos políticos do Concello de Redondela a revisión das asignacións os grupos políticos municipais aprobadas en pleno do 05 de setembro de 2019.

Os grupos políticos municipais reciben das arcas do Concello unha asignación a fin de contribuír aos gastos do grupo político municipal. Esa asignación se compón

- Dunha parte fixa para cada grupo político municipal

- Dunha parte variable en función do número de concelleiros que compón o grupo político.

A proposta presentada por PSOE–AER foi manter as mesmas contías que a fixadas no mandado 2015-2019, é dicir,

- Parte fixa: 2.700 € para cada grupo político municipal

- Parte variable: 300 € por cada concelleiro

No pleno nº 12/2019 celebrado do 05/09/2019, se aprobou cós votos do BNG e do PP as seguintes contías correspondentes as asignacións para os grupos políticos municipais para o mandato 2019-2023:

- Parte fixa: 3.600 € para cada grupo político municipal

- Parte variable: 1.200€ por cada concelleiro

A modo de exemplo acompañamos a seguinte táboa na que se indica as variacións das contías a percibir polos grupos políticos

---

## Concello de Redondela





Grupo Político	Concelleiros	proposta AER–PSOE 2019-2023	Proposta BNG Pleno 12/2019 do 05/09/2019	Incremento	%
PP	9	5.400 €	14.400 €	9.000 €	166,67
PSOE	7	4.800 €	12.000 €	7.200 €	150,00
AER	3	3.600 €	7.200 €	3.600 €	100,00
BNG	2	3.300 €	6.000 €	2.700 €	81,82
TOTAL anual	21	17.100 €	39.600 €	22.500 €	131,58
TOTAL MANDATO (4 ANOS)		68.400 €	158.400 €	90.000 €	131,58

Todos os grupos deste pleno están facendo propostas para paliar os efectos da crise causada polo covid-19, medidas que como xa dixemos terán efectos nas arcas do Concello, polo que propoñemos a modificación das asignacións dos grupos políticos municipais, porque deste modo todos os grupos políticos municipais contribuirían con 22.500€ ao ano para paliar os efectos derivados do Covid-19, sen que se vexa afectado o salario ou asignación que reciben cada un dos concelleiros polo traballo realizado no Concello de Redondela.

Entendemos que é o momento en que os diversos partidos políticos que conforman este pleno adopten medidas de maior calado en beneficio de toda a veciñanza de Redondela.

Por todo o anteriormente exposto, a Agrupación de Electores de Redondela propón ao Pleno do Concello de Redondela os seguintes acordos:

1.-Que a asignación aos grupos políticos sexa dunha contía de 2.700 € brutos anuais para o grupo político, máis 300 € brutos anuais por cada concelleiro/a que teña o grupo político municipal.”

## Concello de Redondela





## INTERVENCIONES.-

A concelleira Couñago Andrés da lectura da moción.

O concelleiro González Campo di que levan tempo sen debater esta moción. Aproveitar unha situación de crise para presentar esta moción, non é acertado. O BNG propúxoala nunha xunta de voceiros, era unha proposta de partida para negociar, e AER non quixo negociar. O BNG defende que os grupos políticos teñen unha serie de gastos e actividades que teñen que desenvolver e render contas ao concello, de acordo co regulamento aprobado, o soldo dos políticos ten que ser digno. O BNG por aforro, podería non apoiar no seu día a suba do soldo da alcaldesa e dun concelleiro do PSdeG-PSOE. Recoñecen que o terceiro e cuarto dos salarios máis altos que hai na corporación son de membros de AER. O primeiro que teñen que facer os concelleiros e concelleiras é a atención ao público. Todos os concelleiros e concelleiras teñen que atender en horario completo, e non se cumpre. A atención aos veciños se reduce a menos da metade. Os políticos teñen que cobrar soldos dignos e atender aos veciños. Respecto aos locais, AER é a única asociación que utiliza irregularmente un local do concello. Era atendido por unha persoa que non era membro do GPM. Non se está cumprindo cos acordos chegados no seu día.

O concelleiro Cabaleiro Couñago, di que se trata dunha moción non resolutiva que foi reformulada. Búscase o debate, respectan como socios de goberno, buscan o debate máis que a súa aplicación. Require dun expediente administrativo. En setembro de 2019 co apoio dos votos do PP e BNG aprobáronse as asignacións. Entende que deben respectarse esas maiorías. Dende o PSdeG fixeron a nivel individual unha aportación para combater esta pandemia, teñen unha folla de ruta para facer acción para favorecer o antiCOVID, co propio diñeiro do GPM. Esta moción adolece dun anexo que diga en que, cando e como vai destinarse ese recorte. Unha cousa é un gasto dunha área e outra facer unha doazón a unha entidade ou organismo que estea procurando o descubrimento da vacina. Aínda que non compartan esta moción, é un goberno sólido que se entenden noutras cuestións. Deben buscarse accións políticas e actos a outros niveis.

O concelleiro do PP, Muíños Portela abandona o Pleno ás 21.24 horas.

A concelleira Amoedo Dasilva di á sra Couñago que crían que ían retirar esta moción. Se tiñan ganas de axudar durante a pandemia, tiñan que facelo dende o minuto un e poñerse a traballar, non tardar catro semanas en entregar aos

---

### **Concello de Redondela**

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





rapaces os cheques de comedor escolar, están esperando á comisión de restructuración económica, a día de hoxe axudas a pequenos autónomos, e PEMES, hai burocracia na tramitación. Fan demagogia política coa pandemia e o COVID. Di que teñen que elaborar un presuposto. As partidas que hai son as que aprobaron no 2011. Non reduciron nun euro os seus salarios. Queren que os grupos que están na oposición non teñan medios para facer a oposición. Teñen diñeiro, cartos e estamentos a nivel estatal que deixen que o remanente se use, que den máis para os concellos. Queren quedar ben, non cumpren ningún punto do acordo asinado no seu día, nin en transparencia nin en presentar orzamentos.

A concelleira Couñago Andrés di que non houbo ningunha vontade política para que esta moción saíra adiante, o voceiro do BNG fixo unha proposta de reducir a asignación nun trimestre, pero AER propuxo todo o mandato. É unha moción política, se ve se veñen a defender os intereses dos veciños e veciñas, é obvio que os grupos políticos teñen que recibir cartos, poden usar e dispoñer dun local municipal. No ano 2015 devolveron o diñeiro porque non o gastaron. Neste mandato o salario da alcaldesa é o mesmo importe que no do mandato do alcalde, chegouse a ese acordo, a alcaldesa non cobra máis. Di que todos os traballadores teñen dereito a un salario digno, fan referencia á contía que reciben os grupos políticos, que no seu orixe recibía axudas do estado, pero os tempos cambian, non hai vontade política de cambiar. Fan un uso ilegal dos locais municipais. O local só poden usalo os concelleiros. O alugueiro do local do BNG que se paga polo concello só podería ser usado polos concelleiros do BNG, pregúntalle se só se usa para os concelleiros electos. O local de AER utilízase para atender á veciñanza.

O concelleiro González Campo di que o soldo do alcalde, foi unha proposta deles. Do local do BNG é pagado por aportacións dos militantes do BNG. E o local de AER é usado por militantes de AER. Defenden que as organizacións políticas como o BNG reivindiquen dereitos sociais, atenden á veciñanza. O BNG non ten nada que agochar, nin soldos nin as aportacións, teñen un regulamento que teñen que cumprir. O que plantexaron de dar era o dun mes, era para as ONGs, e AER e o PP votaron en contra”.

O concelleiro Cabaleiro Couñago resposta ao voceiro do BNG, respecto aos horarios de atención ao público no concello, non só se atende no local do concello tamén se fai un seguimento no pé de obra, van in situ. Á sra. Amoedo resposta que é consciente de que se quitou da liña 1 para facer fronte aos gastos da COVID 19. Como a reactivación do comercio local e a información á cidadanía. Estivo informada na comisión antiCOVID que se fixo. Respecto aos locais, o do partido socialista mantense a costa das cotas dos afiliados, mantense unha estrutura. Propoñen unha reforma do ROC onde se aborde este asunto doutro xeito. Fai falta un acordo entre todas as forzas políticas

---

## Concello de Redondela





onde se tomen medidas de altura para toda a sociedade ante esta pandemia e crise.

A concelleira Amoedo di que no seu día AER fixo a proposta das asignacións e que o BNG presentase unha emenda e se aprobou, teñen que asumir as asignacións dos grupos políticos. Teñen que presentar uns orzamentos, atender á cidadanía e ter un portal de transparencia. Foron incapaces de empregar os recursos de servizos sociais dende o ano pasado. O propoñen para que teñan menos asignacións políticas e facer menos oposición. Responde ao sr Cabaleiro que foron mal informados pola Comisión do COVID. Di que é unha demagogia política, AER é un grupo político cercano ao PSdeG-PSOE. Non cambiaron nada, o único que fan é proseguir cun presuposto prorrogado e seguir coas obras do PP.

A alcaldesa intervén, di que na pandemia, como saben a atención das persoas no concello é por cita como en todas as institucións públicas, resposta á concelleira Amoedo que fai demagogia.

A concelleira Couñago Andrés propón as mesmas contías que no ano 2011 e 2015. Hai que cumprir o regulamento e dar conta dos cartos. Di que se insista que o local só pode ser usado polos concelleiros electos. Demagogia, di que eses cartos, polo pouco que sexan dan. A nivel individual os membros do PP donan os seus soldos, pero a nivel político fan demagogia. Falan dos grupos políticos non das persoas. Hai unha organización para atender ao cidadán. Entenden que esta moción é un aforro.

#### VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometido o asunto a votación segundo o detalle contido na proposta, non se aproba, sendo 08 votos en contra do PP, 07 abstencións do PSdeG-PSOE e 05 a favor (03 de AER e 02 do BNG).

Receso ás 21.50 horas. Reanúdase ás 22.10.

#### **5.2.2 Moción do PP sobre o Plan Municipal de Acción Social.**

---

**Concello de Redondela**

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





## ANTECEDENTES:

Moción do PP sobre o Plan Municipal de Acción Social, con entrada no Concello o día 21.07.2020 con número 2020-E-RE-2.252 que se transcribe a continuación:

“Primeiro. Dende que se decretou o Estado de Alarma as asociacións e ONG de Redondela, dobraron os seus esforzos para axudar e aportar a súa colaboración nun momento difícil, onde os distintos colectivos de risco de exclusión social, precisan de máis atención e coidado.

Segundo. Para moitos homes e mulleres a perda do seu traballo, nunha situación excepcional, onde toda a poboación está a sufrir as graves consecuencias económicas que esta pandemia está a producir e sobre todo o sacrificio e a loita diaria que todos sofren nas súas casas, e non só na parte económica se non na anímica cos moitos pacientes Psiquiátricos que dende Lenda os seus traballadores nesta situación de confinamiento seguen mantendo contacto telefónico con eles, e aquí é onde estes colectivos están a ter un papel moi importante, Cruz Vermella, Cáritas, Lenda, Andaina etc.

Terceiro. O Concello de Redondela ven asinando dende hai anos unha serie de convenios nominativos con entidades de Carácter Social para axudarlles a desenrolar a súa acción na nosa Vila. Entendemos que neste intre é prioritario que estas entidades teñan acceso a eses fondos para que poidan ampliar o ratio de axuda e así poder asistir os novos casos que se poidan dar.

Cuarto. Todos coincidiremos que nos atopamos cunha situación límite e moi complicada , cunha pandemia que non sabemos cando será controlada e cando podremos voltar a facer unha vida normal, por todo isto é moi importante diagnosticar correctamente esta nova situación, e buscar as fórmulas máis adecuadas para chegar o maior número de persoas que precisan axuda, e o mellor xeito de facelo, traballando de xeito coordinado cas Asociacións e ONG que están afincadas na nosa Vila e que son bos coñecedores das necesidades.

Por todo isto solicitamos o Pleno da Corporación que se adopten os seguintes ACORDOS:

1. Instar a Alcaldía a iniciar o procedemento para a aprobación en Pleno e a posterior sinatura dos Convenios de Carácter Social , para dar cobertura as distintas Organizacións Sociais que traballan cos sectores máis vulnerables de Redondela.

2. Instar o goberno A posta en marcha dun Plan Municipal de Acción Social, onde esten representados todas as Asociacións de Carácter social que traballan no noso Concello, xunto a un representante de cada grupo municipal

---

**Concello de Redondela**

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





que conforma a Corporación, para valorar a situación actual derivada do Estado de Alarma e posibles medidas a tomar para axudar os colectivos máis vulnerables..”

## INTERVENCIONS.-

A concelleira Bastos Míguez da lectura á moción.

A concelleira García Cruz di que a concelleira do PP indica que esta moción é importante, pero levaron outras antes que eran por cuestións económicas. Non pode haber un oportunismo político coa pandemia para sacar un rédito político. As asociación teñen unha situación precaria, a situación da pandemia agravou isto, di que o que trae o PP é un rogo e non unha moción. Non van ser partícipes do planteamento do PP. Quere que se explique polo equipo de goberno que medidas se foron tomando e se houbo contacto coas asociacións. Non sabe canto dos orzamentos van ser destinados a servizos sociais.

A concelleira Couñago Andrés di que van estar de acordo coas medidas que repercutan en beneficio da veciñanza, o que trae é pura demagogia, que se pida aos concellos facer o que non fan outras administracións. En España, está a administración estatal, autonómica e os concellos como administración cercana, pero é a que menos cartos ten para poder aboar os custes e axudar á veciñanza, respecto a que se pida a sinatura dos convenios, son as entidades as que o solicitan, pero non o solicitaban ata final de ano, porque non sabían os custes que ían ter. Nestes momentos as asociacións non pediron un convenio, o que antes era un gasto habitual agora non o van a saber, ata final do ano, que van saber as necesidades da veciñanza. O PP fai demagogia. A administración do concello é a cercana á cidadanía, pero as outras administracións como a Xunta, teñen que dotar aos concellos. Vótase en cara que o grupo de goberno chega tarde, pero outras administracións tamén chegaron tarde. Esta situación de crise é excepcional, todos os partidos políticos se equivocaron, en todas as administracións. Todos os partidos políticos teñen moito que aprender. Deben facer unha oposición construtiva non destrutiva.

A concelleira Alonso Domínguez di que son conscientes que as asociacións estiveron traballando dende o minuto un, sempre se mantivo unha relación estreita de colaboración coas asociacións. Dende o departamento de servizos sociais creáronse varios servizos en colaboración coas ONGs, asociacións, Cruz Roja, Cáritas, axuda do cranco, asociación Lenda. Respecto aos convenios, teñen que presentar a documentación, xustificar os gastos e logo asinalo. Eles saben como se fan. Intentarán facelo mais rápido posible e terano

---

### **Concello de Redondela**





en contra. O equipo de goberno, está en continuo contacto día tras día, telefónica ou presencialmente coas ONGs. Respecto ao plan municipal de acción social, mantense unha continua relación coas asociacións, plantexouse crealo por motivos do COVID, pois dixeron cando puidese tranquilizarse a situación, poderían retomar as conversas, están a enteira disposición das ONGs e colaborar con todo o mundo e cidadanía.

A concelleira Bastos Míguez di que lles chegou desde as asociacións e ONGs que precisaban axudas e os cartos para os convenios, e despois nas mesas veríase o que precisan. Esta moción non é demagóxica nin política, cre que están todos de acordo, porque en abril presentaron por escrito, se podería facer antes. As asociacións están pasando apuros. Os concellos non poden eludir as súas responsabilidades. Necesitan as contías acordadas, e logo facer unha mesa de traballo conxunta e escoitalos. Deberían ter máis iniciativas. Os colectivos piden axudas. Intentan construír, lles piden axuda.

A concelleira García Cruz di que horrorízanse que se traian cuestións relacionadas cos servizos sociais e feminismo e que se diga que non sexa política. As ONGs e colectivos reclaman atención dos concellos. Os centros ocupacionais abríronse o 15 de xullo, as persoas tamén o precisaban os meses anteriores. Agradece que nun pleno que somos maioritariamente mulleres, se dera visibilidade ás mulleres nos escritos que vaian a presentar, nos rogos e mocións, incluír o feminismo inclusivo. Van votar en contra, porque non van branquear ao que desapareceu durante a pandemia.

A concelleira Couñago Andrés reitera o que di a concelleira do BNG, é unha moción que se se trata como se a Xunta non tivera nada que ver. No concello somos os máis cercanos, pero que se nos dote de medios económicos. Moito se queixaron de que chegamos tarde, o 14 de marzo declarouse o estado de alarma, en xuño levantouse e despois das eleccións abríronse os centros de dependencia, recaeu nas mulleres as maiores responsabilidades. Están na espera de medios persoais e medios económicos. O protocolo dos centros de educación, chegan tarde. Nos centros educativos non se mantén a distancia de seguridade de 1,5 metros, senón de 1 metro. Pregunta onde está o reforzo, os medios materiais e económicos. Os colectivos máis prexudicados polo COVID foron os menores. A Xunta non fixo nada ou pouco.

A concelleira Alonso Domínguez di que son conscientes da carga e necesidades que tiveron as ONGs e que foron en aumento pero ata o punto de chegar á desesperación, o pon en dúbida. A Xunta de Galicia tivo moita responsabilidade no peche dos centros de día e nas escolas infantís. Levan un ano intoxicando con noticias que non son verdade. Van seguir na mesma liña, traballando para as veciños e veciñas.

---

## Concello de Redondela







A concelleira Bastos Míguez repite que a moción trata da sinatura de convenios e de Redondela. Non é unha proposta de debate político, a usan de maneira partidista. É unha política social, e que non pode esperar. Estas asociacións fan unha labor encomiable. O que ten que facer algo busca a forma e non a excusa. Feijóo estivo sempre nesta pandemia, aportando plans de acción, de axudas inmediatas. A Xunta aportou moitas cousas, a aportación aos concellos máis grande da historia, pregunta se van esperar ao final de ano para asinar estes convenios, debemos estar ao carón das asociacións, temos que estar unidos. Agradece aos que apoien a moción e solicita a mesa de traballo, é imposible controlalo todo.

A alcaldesa intervéñ para clarexar dicindo que o que traen é un rogo, a pandemia non se pode empregar como demagogia política, con esta moción sí que o fan. Nesta pandemia estiveron as 24 horas ao pé do canón, sempre estando aí, en contacto coas asociacións e colectivos.

#### VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometido o asunto a votación segundo o detalle contido na proposta, se aproba por maioría dos concelleiros presentes, sendo 02 en contra do BNG e 18 votos a favor (08 do PP, 07 PSdG-PSOE e 03 de AER).

A alcaldesa di que votan a favor por responsabilidade cos veciños.

#### **5.2.3 Moción do Grupo Municipal Do BNG sobre Uso de Remanentes dos Concellos.**

##### ANTECEDENTES:

Moción do BNG sobre o Uso de Remanentes dos Concellos, con entrada no Concello o día 22.07.2020 con número 2020-E-RE-2.298 que se transcribe a continuación:

“Ante a situación de incertidume que se está a xerar nas Administracións locais galegas, desde o BNG manifestamos o noso profundo rexeitamento a calquera tentativa de incautación ou bloqueo dos fondos municipais por parte do Estado, xa que as necesidades estatais non poden anular as necesidades locais.

---

**Concello de Redondela**

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





Sorprendeunos que este venres pasado a FEMP convocase unha xuntanza extraordinaria da súa Xunta de Goberno para presentar e aprobar un acordo entre o goberno de España e a FEMP para, segundo consta textualmente na convocatoria, “contribuir desde los municipios a desarrollar una movilidad sostenible, la agenda urbana y políticas de cuidados y apoyo a la cultura”. Baixo este eufemismo, o que este acordo agocha non é nin máis nin menos que que o estado faga unha operación para dotarse de liquidez a consta dos remanentes municipais. (Estamos falando de que a cantidade de remanentes das entidades locais galegas estímase nuns 890 millóns de euros)

A reacción de rexeitamento xeneralizado fixo que o presidente da FEMP se vira na obriga de suspender a Xunta de Goberno na que pretendía dictaminar este acordo.

A escusa do ministerio para xustificar esta proposta en base a imposibilidade de incumprir a lei de estabilidade, a chamada lei Montoro, e que así non lle computa aos concellos como déficit, é un insulto a intelixencia. A Comisión europea acordou flexibilizar a limitación de endebedamento dos estados como consecuencia da crise da Covid. Os Estados van poder incrementar a débeda, mais segundo a interpretación do ministerio a única administración que vai poder incrementar a débeda é a Administración Xeral do Estado. A Administración Local non debe ser Estado e non vai poder incrementar a débeda, malia supoñer no caso de Galiza un 0,3% do PIB galego, e estar o límite no 3%.

En calquera caso, é fundamental garantir que a posibilidade de utilización de fondos ou endebedamento por parte dos concellos non sexa utilizado por outras Administracións para buscar financiamento e a asunción por parte das entidades locais de competencias impropias, cargando así sobre os municipios o custo de servizos que non poden nin deben ser asumidos.

Esta é unha vella demanda do municipalismo galego, e así quedou reflectido nos relatorios aprobados na asemblea xeral da FEGAMP celebrada no mes de novembro pasado e na que por unanimidade se acordou “Demandar a flexibilización de utilización do remanente e superávit a calquera tipo de inversión que redunde en beneficio da comunidade, estendendo o ámbito temporal de aplicación e considerando a posibilidade de poder aplicar parte do mesmo en gasto corrente”

Por todas estas razóns, o BNG demanda do Pleno da Corporación Municipal de Redondela a adopción dos seguintes, ACORDOS

1. Instar á Xunta de Galiza a solicitar do goberno español a derogación da Lei de 2/2012 de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira para

---

### Concello de Redondela





permitir ás entidades locais atender as competencias propias con cargo aos remanentes e/ou superávit, así como ampliar a capacidade de endebedamento das Administracións locais para afrontar os ditos gastos.

2. Que a interlocución do goberno do estado cos concellos galegos se estableza a través da FEGAMP, entidade na que están representados a totalidade dos concellos galegos e as catro deputacións provinciais. ”

### INTERVENCIÓNS.-

O concelleiro González Campo expón o contido da moción.

O concelleiro Boullosa Martínez di que non van obxectar a exposición de motivos, ten dúbidas respecto aos acordos, debería instarse ao goberno central. Van apoiar a moción, pode que teña caducidade nas próximas horas, mañá tratarase este tema na FEMP.

A concelleira Castro Abad di que mañá se vai celebrar unha comisión na que se tratarán estas discrepancias que poden subsanarse. A exposición de motivos non ten correspondencia co que solicita. Fala de incertidume nas administracións locais, e impaciencia porque as entidades locais queren dispoñer dos remanentes. Non ven un intento de incautación dos fondos municipais polo estado, serían transferencias voluntarias. A visión é máis positiva que a súa. Pensa que parte do acordo quere cumprir as nefastas consecuencias da lei do ano 2012 que fixo dano aos concellos. Se fala dunha derogación da lei, non é o momento. Hai que buscar un acordo que sexa favorable para todas as administracións. Mañá coñoceranse todos os pormenores do acordo, que espera sexa positivo. As transferencias son voluntarias, os concellos que as realicen terán vantaxes. Falan de gastos correntes que a data de hoxe non son compatibles co remanente.

A concelleira Amoedo Dasilva di que trae esta moción despois que o PP trouxese outra sobre este tema hai uns meses. As prioridades agora son outras. A través dos órganos da FEMP e dos grupos políticos, solicitouse ao goberno estatal flexibilizar a regra de gastos, a transferencia dunha parte proporcional dos fondos europeos, e prorrogar os prazos para as inversións financeiramente sostibles. Debe darse armas aos concellos para que poidan traballar e máis disposición de cartos. Os concellos son os que están máis cerca dos cidadáns, teñen que ter as armas económicas para que poidan axudar. Debe instarse ao goberno central e non da Xunta. Solicita retirar ese punto e instar directamente ao goberno central. Non escoitan as necesidades reais dos concellos, reiteradas e rexeitadas no parlamento español. E

---

### **Concello de Redondela**





importantísimo que os concellos poidan ter a súa propia independencia. Co expositivo están de acordo, pero co acordo entenden que directamente ao goberno do estado.

O concelleiro González Campo di que están ofrecendo que Feijóo se presente ante Pedro Sánchez co aval de todos os concellos sobre o remanente. Non comparten o argumentario do partido socialista sobre a incertidume e impaciencia. Crea controversia que os concellos teñen que frear esta crise económica, aforran cartos e se lle restrinxa onde poden investir, so en amortización de débedas e inversións financeiramente sostibles. En Redondela ao mellor queremos potenciar o comercio local para xestionar a crise, pero non poden. Somos un concello con baixa débeda. Redondela ten un remanente de case 3 millóns de euros, piden que poidamos xestionar estes recursos. Hai unha utilización perversa dos recursos. Piden que se poidan utilizar os recursos para dar demanda ás inquedanzas da veciñanza. Non comparten respecto á devolución dos cartos.

A concelleira Castro Abad intenta ver os aspectos positivos deste acordo, di esperar a mañá para ver os acordos aos que chegan. A regra de gasto nos afecta e non é de todo entendible. Existe a posibilidade de que o concello pode asumir gastos que antes non podían asumir, co borrador do acordo que se propón. Pódese empregar para gastos que están derivados da pandemia. É un momento complicado, haberá que esperar, a ver que pasa mañá.

A concelleira Amoedo Dasilva di ao voceiro do BNG que o que non se pode aceptar é que quere o goberno que os concellos lle presten os seus aforros, o punto de derogación da lei é inviable. Feijóo revalidou a maioría absoluta. O máis importante para o PP e que os concellos poidan gastar o remanente dun xeito cómodo, ten que revertirse en Redondela. O sr. Sánchez ten que escoitar a FEMP e ás comunidades autónomas. Cren que esta moción non leva a ningún lado, non van apoiar.

O concelleiro González Campo di que agardan a mañá a ver que pasa coa reunión coa FEMP. Se pode plantexar que o concello pode intervir co abaratamento dos locais comerciais, cuestións de atención directa á veciñanza está limitada, consideran que o interlocutor é a FEGAMP. Feijóo ten dito que a idiosincrasia do noso país é distinta que a do resto do estado, un discurso que o BNG comparte. Lles parece importante que haxa unha manifestación dos concellos a prol da autonomía. Agradece os que voten a favor da moción.





## VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometido o asunto a votación segundo o detalle contido na proposta, non se aproba, sendo 08 votos en contra do PP, 07 abstencións do PSdG-PSOE e 05 a favor (03 de AER e 02 do BNG).

## **5.3 Rogos e Preguntas.**

### ROGOS

#### **Rogos formulados polo GPM PP relativa á Paralización do Procedemento de Contratación da Obra de Ensanche e Mellora da EP-2906 (Rex. Entrada 29.07.2020, 2020-E-RE-2403).**

“Rogamos a Alcaldesa do Concello De Redondela, que paralice o procedemento de contratación da obra de ensanche e mellora da EP 2906, ata chegar a un acordo ca veciñanza, xa que a aprobación no pleno do mes de maio do Convenio entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Redondela para obras de ensanche e mellora da da Ep 2906, os Valos Guizán, pola porta de atrás e ocultandollo os veciños de Vilar de Infesta e a súa Asociación de Veciños, foi un ataque inconcebible a participación da veciñanza , sabendo que non ian ter veciños de xeito presencial, demostrando unha vez máis que son sectarios, partidistas e antidemocráticos, porque sendo coñecedores como eran de que a práctica totalidade dos veciños que viven na zona que se pretende reformar, están en contra dun proxecto no que non teñen aceras, que no mesmo barrio non ía a haber veciños de primeira e veciños de segunda que ese proxecto non tiña nin pes nin cabeza, a Deputada Socialista de Redondela Olga García decía aquí no pleno de Febreiro, ante unha moción presentada por nos que os técnicos da Deputación ianse reunir cos veciños para revisar o proxecto e buscar unha solución que fose satisfactoria para eles, vamos para Agosto e seguen esperando.”

Resposta.- A alcaldesa di que mañá hai unha reunión en Vilar ás 19.00 da

---

**Concello de Redondela**

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





tarde, para tratar o tema con infografía.

### **Rogos formulados polo GPM PP relativa ao Aumento de Persoal de Limpeza das Parroquias (Rex. Entrada 29.07.2020, 2020-E-RE-2403).**

“O concello de Redondela ten unha docena parroquias rurais que todos os anos necesitan dun profundo desbroce de todos os seus camiños, deixando limpos e preparados os regos e gabias para cando veñan as choivas. Este ano a contratación dilatouse ata mediados de xullo, contratando a unha única empresa para facer a limpeza das 12 Parroquias. Nestes intre a maleza nos camiños é tan abundante, que en moito dos casos, fai que sexa intransitable acceder por eles.. A dimensión das parroquias, fai imposible que con dous tractores e dos operarios a pe, se poida face-lo traballo. Escomezaron hai escasa unha semana e non se percibe o avance do traballo. Isto pode facer demorar moito a finalización de estes traballos, empeorando moito a situación das parroquias. O abandono das mesmas fai que moitos veciños, teñan que tomar a súa iniciativa, e limpiar eles mesmos a súa zona. Por todo isto lles ROGAMOS que fagan un control directo da empresa e da procedan a aumentar o número de persoal para acelerar a limpeza de todas as parroquias, xa que a este ritmo, entramos en outono sen finalizar as mesmas. E se controle mais como se deixan os rastros e os regos sen limpiar, ademais da eliminación da terra que se acumula e invaden as estradas e camiños.. ”

Resposta.- A alcaldesa di que como sabe o GPM do PP polos anteriores anos que gobernaron, sae o mediados de xullo, o desbroce é por lotes e logo se presentan.

### **Rogos formulados polo GPM PP relativa a Contratación de Persoal para garantir a seguridade nas praias do Concello de Redondela (Rex. Entrada 29.07.2020, 2020-E-RE-2403).**

---

**Concello de Redondela**

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





“Galicia atopase dende o 15 de xuño fora do Estado de Alarma e dentro da “nova Normalidade”, o aumento de casos de Covid que se está a producir en toda España debería ser motivo suficiente para que o goberno municipal despertase dunha vez e puxese en marcha unha selección de persoal para controlar as entradas os arenales redondeláns e o cumprimento da normativa vixente tal como o uso de xeito continuado da máscara.

A Xunta de Galicia asinou un convenio co Concello de Redondela onde o goberno autónómico dota de preto de 7.000€ o Concello para que poida contratar persoal e controladores do cumprimento de aforos e distancia de seguridade nos nosos areais, algo que non fixeron e que supón que a estas alturas aínda non teñamos, si a isto lle sumamos que non púso en marcha unha soa medida de control e vixilancia, esa campaña na que nos piden a todos responsabilidade, non se está aplicando por parte do goberno municipal.

Polo que ROGAMOS a Alcaldesa que contrate persoal para garantir a seguridade dos nosos veciñ@s e dos visitantes que se achegan as nosas praias..”

Resposta.- A alcaldesa di que o convenio da Xunta de Galicia non é para persoal é para material.

### **Rogos formulados polo GPM PP relativa á Convocatoria do Consello Parroquial de Trasmañó para decidir o Uso do Edificio Antigo Colexio (Rex. Entrada 29.07.2020, 2020-E-RE-2403).**

“Dende hai uns meses está rematada a obra de remodelación do edificio da antigo Colexio de Trasmañó, obra proxectada polo anterior goberno Popular.

Os veciñ@s de Trasmañó queixáronse a este grupo da falla de informacion e da falla de participación veciñal que por parte do goberno están a ter con eles, por todo iso cremos que o mellor xeito de dar voz e participación os veciñ@s sobre que uso e disponibilidad pode ter este edificio é a través do seu Consello Parroquial.

Por todo isto lles ROGAMOS procedan a convocar de xeito urxente o Consello Parroquial de San Vicente de Trasmañó e que os veciñ@s poidan decidir cal é

---

**Concello de Redondela**

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





o uso que se lle de a este edificio. ”

### **Rogos formulados polo GPM PP relativa á Limpeza de Praias – Recollida de Algas (Rex. Entrada 29.07.2020, 2020-E-RE-2403).**

“As praias do concello de Redondela, son un lugar de ocio no verán para os veciños de Redondela, ademáis, dos veciños doutros Concellos colindantes e turistas que escollían as nosas praias para pasar o seu periodo vacacional, e digo escollían porque está claro que agora xa non. Non sei si pensar, si que o fan a proposito ou que non saben como levar este Concello, porque despois de bater o record en facer a contratación mais tardia en socorristas, e en persoal de limpeza, agora nos atopamos con outras “brillantes” ideas, como que non recollen as algas , non limpan os areas e retiran as papeleiras, dende logo agora xa sabemos porque non querían a Bandeira Azul .

E unha vergoña, que todos os dias, os veciños e veciñas publiquen as suas queixas e dende o Concello, non se lles atenda.

Por todo isto lles ROGAMOS que saian desta paralise e procedan a limpeza das praias e o se mantemento tal e como se viña facendo, para que os veciños poidan disfrutar dun verán tranquilo despois dun confinamento duro para tod@s. ”

### **PREGUNTAS:**

### **Pregunta formulados polo GPM PP relativa ao Campo de Fútbol de A Gandara (Rex. Entrada 29.07.2020, 2020-E-RE-2403).**

“O Concelleiro de Deportes do Concello de Redondela Nacho González fixo unhas declaracións en Radio Redondela “ onde lamenta que o anterior goberno non aproveitara o cambio do céspede para para acometer a obra dos vestiarios e a grada do campo de A gándara”, como estamos seguros de que estas declaracións non foron feitas polo Concelleiro de Deportes xa que el sabe perfectamente que o compromiso do anterior goberno era por en marcha unha

---

**Concello de Redondela**

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894







segunda fase onde se faría a construción dunha nova grada e a construción dos novos vestiarios, por todo isto lle facemos as seguintes preguntas

¿ O Concelleiro de Deportes xa ten o Proxecto da construción dunha nova Grada?

¿ O Concelleiro xa conta con partida presupuestaria para levar a cabo esa inversión, cal é o importe e cal é a partida presupuestaria retida para acometer a inversión?”

Resposta: O concelleiro González Iago resposta que é certo que o anterior goberno licitou a obra do céspede, pregunta onde está o pozo de auga para manter o céspede. Este goberno negociou coa empresa adxudicataria e o pozo está feito a custe cero. Respecto á ausencia de vestiarios a federación galega só daría autorización para adestrar. Hai retraso polo COVID-19. O campo da Gándara será unha realidade ao abeiro do plan concellos. Este concello investirá 61.996,07 euros na reforma do campo do Viso, respecto ao proxecto non pode contestar, o que se vai facer é reabilitar a construción antiga, os vestiarios parecen cortellos, ubicados baixo a grada, valorado polo técnico municipal, farase unha reforma.

**Preguntas do GPM PP sobre a consulta popular:** Pregunta sen presentar por escrito previamente.

A sra. Amoedo pregunta sobre a consulta popular dos veciños dos días festivos e o peche das rúas ao tráfico, non garanten que chegue a todos os veciños pregunta, se saben que non están cumprindo a normativa da Lei 5/1997, de administración local de Galicia, o artigo 257. Van paralizar a consulta?.

Resposta. - A alcaldesa contestará por escrito.

---

**Concello de Redondela**

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





## **6. Renuncia de Leonardo Cabaleiro Couñago a súa acta como Concelleiro.**

Visto o escrito presentado con data 10.07.2020 (RC-5352) polo concelleiro do GPM do PSdeG-PSOE, Leonardo Cabaleiro Couñago, renunciando á súa condición de concelleiro, cargos no que tomou posesión na sesión constitutiva da Corporación celebrada o día 15 de xuño de 2019, ao ter sido proclamado electo coa candidatura presentada polo Partido dos Socialistas de Galicia (PSdeG-PSOE), ponse en coñecemento do pleno ao amparo do disposto nos artigos 182 da Lei 5/1985, 19 de xuño, Órganica do Réxime Electoral Xeral e artigo 9.4 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aprobou o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais para que poida tramitarse diante da Xunta Electoral Central a súa substitución, pola persoa que segue na lista electoral do Partido dos Socialistas de Galicia (PSdeG-PSOE), ALBERTO ÁLVAREZ PÉREZ.

### INTERVENCIÓNS.-

A alcaldesa en nome do equipo de goberno e como compañeira lle agradece o seu traballo e labor e apoio, ten o seu apoio para todo, agradecemento por todo o que fixo e o vai seguir apoiando.

O concelleiro Cabaleiro Couñago agradece á alcaldesa as súas palabras. Expresa o agradecemento. Ten palabras e agradecemento ao PSdeG-PSOE, agradece á familia e á executiva local. Agradece aos compañeiros e compañeiras. Agradece á militancia. Agradece aos empregados públicos. Aos ediles da oposición quere agradecer as súas reflexións ou aportacións para que Redondela mellore. Pide disculpas se polas súas intervencións puido ofender a alguén, remata dando agradecemento á cidadanía de Redondela.

### VOTACIÓN E ACORDO.-

O Pleno do concello, por asentimento unánime, toma coñecemento das citadas renuncias, para os efectos oportunos.

E sendo as vinte e tres horas e corenta minutos do día indicado no encabezamento, a sra. Alcaldesa dá por rematada a sesión, da que se redacta a presente acta e da que, como secretaria, dou fe.

---

**Concello de Redondela**

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894

